

GLOSARIO SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO E DEREITOS DA INFANCIA

Recompilación de termos para poder abordar na aula cuestións relacionadas co cambio climático e a súa relación cos dereitos da infancia.



Adaptación

En relación ao cambio climático, chámase adaptación á toma de accións para evitar, beneficiarse ou afacerse ao cambio climático presente e futuro. A adaptación pode ter lugar de antemán (prevendo e planificando antes de que os cambios sexan visibles) ou en resposta aos cambios que xa se produciron.

Aerosol

Suspensión de partículas sólidas ou líquidas na atmosfera que poden ser de orixe natural (incendios, tormentas de area, volcáns?) ou emitidas pola actividade humana (como o fume producido polos combustibles fósiles). Algúns aerosois absorben enerxía, o que quenta a atmosfera. Outros teñen un efecto refrixerante porque reflicten a luz do sol de volta ao espazo.

Aeroxerador

Máquina que transforma a enerxía do vento (enerxía eólica) en electricidade. A enerxía eólica é un recurso renovable que axuda a diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro ao substituír fontes de enerxía baseadas no uso de combustibles fósiles.



CC BY-SA 4.0 Hans Hillevaert

Antropoceno

É a época xeolóxica proposta pola comunidade científica para suceder ao Holoceno. Corresponderíase co momento actual, aínda que non se estableceu claramente o seu inicio (probablemente a Revolución industrial). O Antropoceno caracterizárase polo impacto global que as actividades humanas tiveron sobre os ecosistemas do planeta.

Atmosfera

Capa de gases (nitróxeno, osíxeno, dióxido de carbono e outros) que rodea a Terra. A atmosfera é fundamental para a vida no planeta.

Auga subterránea

Auga presente baixo a superficie, que circula ou se almacena en acuíferos. Os acuíferos tamén poden esgotarse por mor da seca.

Axenda 21

Acordo das Nacións Unidas para promover o desenvolvemento sustentable. A Axenda 21 é un plan detallado de accións que deben ser emprendidas a nivel mundial, nacional e local, en todas as áreas nas que a actividade humana impacta sobre o medioambiente.

Auditoría enerxética


Proceso polo que se estuda o modo no que unha casa, un lugar de traballo ou outro edificio pode usar menos enerxía, xa sexa durante a súa construción, remodelación ou uso.



Albedo

Grao en que a Terra reflicte a radiación do sol. O albedo é maior nas superficies brancas, como os casquetes polares, e menor nas superficies escuras, como os océanos. O albedo é un elemento importante da regulación do clima no planeta.

© UNICEF/UNI10771/isaac



Biocombustible

Calquera tipo de combustible de orixe biolóxica que fose obtido (de maneira renovable) a partir de organismos recentemente vivos ou dos seus refugалlos metabólicos ou restos orgánicos (biomasa).

Biodiversidade

Diversidade (número e variedade de especies) de seres vivos dentro dunha rexión, de calquera tipo, incluíndo os ecosistemas terrestres e acuáticos, así como os complexos ecolóxicos dos que forman parte.

Biogás

Tipo de biocombustible que contén metano procedente de vertedoiros, esterco, augas fecais ou outros materiais de refugallo en descomposición. A combustión do biogás pode empregarse para producir calefacción ou electricidade.



Cambio climático

Variación significativa do clima da Terra. Na actualidade a Terra está a volveuse globalmente máis cálida, polo aumento de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, o que non necesariamente significa que "fai calor" en todas partes. O termo "quecemento global" refírese ao incremento medio das temperaturas do planeta, mentres que "cambio climático" refírese ao conxunto máis amplo de cambios que acompañan ao quecemento global, incluíndo os cambios na biodiversidade, nos patróns meteorolóxicos, nos océanos, nas reservas de neve e xeo e outros.

Carbón

Roca sedimentaria de orixe fósil, moi rica en carbono e que é usada como combustible. É un recurso non renovable que se extrae mediante a minería e as principais reservas atópanse en Estados Unidos, Rusia, China, Australia e India.



© UNICEF/UNI134401/Sokol

Carbono

Elemento químico que é esencial para todos os seres vivos. O carbono combínase con outros elementos para formar unha grande variedade de compostos diferentes. O carbono é o elemento común de todos os seres vivos do planeta e de moitos minerais.

Ciclo de carbono

É o movemento e intercambio de carbono a través dos organismos vivos, o océano, a atmosfera, os minerais e outras partes da Terra. O carbono pasa dun lugar a outro por medio de diversos procesos químicos, físicos, xeolóxicos e biolóxicos.

Ciclo de vida de produto

Serie de pasos que leva á creación, uso e eliminación dun produto. O ciclo de vida dun produto habitualmente leva a extracción de materias primas da Terra (por exemplo, a tala de árbores ou a extracción de minerais e petróleo). Estas materias primas son transportadas, procesadas e manufacturadas en produtos de consumo. Despois o produto é empacutado, almacenado e transportado onde a xente pode compralo. As últimas fases ocorren cando os consumidores usan, tiran ou reciclan o produto. A reciclaxe favorece o reinicio do ciclo de vida do produto reducindo o gasto de materia prima e da enerxía necesaria para a súa extracción.



© UNICEF/UND036517/Holt;

Combustibles fósiles

Tipo de combustible que se orixina baixo terra, como o carbón, o petróleo ou o gas natural. Os combustibles fósiles tardan millóns de anos en producirse, a partir de restos orgánicos que quedaron atrapados e enterrados entre capas de roca e foron transformados pola calor e a presión. Os combustibles fósiles conteñen carbono e, ao ser queimados para obter enerxía, liberan dióxido de carbono á atmosfera.

Clima

Chámase clima ás condicións meteorolóxicas dunha determinada rexión do planeta en cada momento do ano. O clima mídese estatisticamente en períodos de, polo menos, 30 anos. O clima é diferente ao tempo meteorolóxico.

Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático

Tratado internacional cuxo obxectivo é lograr a estabilización das concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera nun prazo suficiente para permitir que os ecosistemas se adapten naturalmente ao cambio climático, asegurando que a produción de alimentos non se vexa ameazada e permitindo que o desenvolvemento económico prosiga de maneira sustentable.

Criósfera

Partes da superficie da Terra onde a auga se atopa en estado sólido. Inclúe o xeo do mar, dos lagos e ríos, as neves perpetuas, os glaciares, as capas de xeo e neve e o permafrost.



Datos climatolóxicos

Colección de feitos, cifras, medicións e outras fontes de información que permiten aos científicos estudar o clima e realizar predicións.



© UNICEF/UN182273/Cullen

Dereito a un medioambiente saudable

Dereito da infancia recollido no artigo 24 da Convención sobre os Dereitos do Neno. Os perigos ambientais ameazan a saúde de nenos e nenas en todo o mundo e os Estados Parte da Convención deben tomar as medidas adecuadas para previr e combater os efectos nocivos da degradación do medio ambiente sobre a infancia.

Desenvolvemento sustentable

Modelo de desenvolvemento baseado en tres factores: o económico, o social e o ambiental, de tal modo que o desenvolvemento humano logre unha harmonía entre o benestar económico, o respecto aos dereitos humanos, a promoción da democracia e a cidadanía e a conservación do medio ambiente. Algúns campos de aplicación son a agricultura, a produción industrial, a moda, a arquitectura ou o transporte.

Dilatación térmica

Incremento de volume que experimenta un material ao quentarse. Nos océanos, a dilatación térmica é unha das causas do aumento do nivel do mar.

Dióxido de carbono

Gas incoloro e inodoro que forma parte dos gases de efecto invernadoiro. Prodúcese naturalmente pola descomposición da materia orgánica e é usado polas plantas durante a fotosíntesis. Os humanos estamos a incrementar os niveis de dióxido de carbono da atmosfera, principalmente ao queimar combustibles fósiles, como o carbón, o petróleo e o gas natural.

Dióxido de carbono equivalente

É unha medida utilizada para comparar o potencial de quecemento global de cada un dos gases con efecto invernadoiro. Baséase na persistencia de cada gas na atmosfera e na súa capacidade para acumular calor. Un termo relacionado é o de "Potencial de quecemento global", que é unha medida relativa de canto calor pode ser atrapada por

un determinado gas de efecto invernadoiro, en comparación cun gas de referencia, polo xeral dióxido de carbono.



Ecosistema

Sistema natural formado por organismos vivos (plantas, animais e outros) e o medio físico no que viven e co que interactúan. A interdependencia que existe dentro dun ecosistema é unha das súas características fundamentais.

Edificio bioclimático

Tipo de edificio construído de tal maneira que as súas xanelas, materiais, orientación e outras características teñen en conta o clima da contorna e permiten aproveitar a enerxía, diminuindo o impacto ambiental.



© UNICEF/UNI131951/Dormino

Efecto invernadoiro

Proceso polo cal algúns dos gases presentes na atmosfera da Terra (gases de efecto invernadoiro) absorben parte da enerxía do sol e vólvena irradiar, provocando un aumento global da temperatura do planeta ata uns 14°C de media. Grazas ao efecto invernadoiro a vida é posible na Terra xa que, de non existir, calcúlase que a temperatura media do planeta sería duns -18°C. A emisión de gases de efecto invernadoiro debido á actividade humana desde a Revolución Industrial (SXIX) pode afectar ao equilibrio térmico do planeta, incrementando a temperatura media. Estímase que un aumento de 2°C na temperatura global podería producir efectos perigosos en grandes zonas do planeta, co aumento de desastres naturais como secas e ciclóns. Témesse que un aumento superior a 4°C podería ser potencialmente catastrófico para a supervivencia do ser humano.

Emisións

A liberación de gases (como o dióxido de carbono) ou doutras substancias (como partículas de pó) no aire.

Enerxía xeotérmica

Enerxía renovable que se obtén do aproveitamento da calor natural do interior da Terra. A enerxía xeotérmica pódese utilizar para quentar edificios ou para producir electricidade.

Enerxía mareomotriz

Enerxía renovable xerada polas mareas.

Enerxía solar

É unha enerxía renovable, obtida a partir do aproveitamento da radiación electromagnética procedente do Sol. Os paneis fotovoltaicos, que converten a enerxía do sol en electricidade, os colectores solares térmicos, que converten a luz en enerxía térmica e a arquitectura bioclimática son exemplos de tecnoloxías solares.



© UNICEF/UN022113/Ayene

Esgotamento de recursos

Termo económico relativo á finalización ou a escaseza de materias primas nunha rexión. O uso de fontes non renovables e de renovables máis aló da súa taxa de rexeneración é considerado un esgotamento dos recursos naturais.



Fotosíntesis

É a conversión de materia inorgánica en materia orgánica grazas á enerxía que achega a luz. As plantas principalmente, pero tamén outros seres vivos, realizan este proceso mediante o que obteñen enerxía e nutrientes. O dióxido de carbono é parte importante do ciclo de fotosíntesis.



Gas natural

Combustible fósil en forma de gas inodoro e incoloro. Entre o 50 e o 90% do gas natural é metano.

Gases de efecto invernadoiro

Son gases naturais ou artificialmente producidos polo ser humano que teñen o potencial de atrapar a calor na atmosfera e contribúen para o efecto invernadoiro. Entre eles atópanse o vapor de auga, o dióxido de carbono, o metano, o óxido nítrico e os gases fluorados.

Gases fluorados

Conxunto de gases de efecto invernadoiro que poden permanecer na atmosfera de centos a miles de anos. Os gases



© UNICEF/UN04307/Estey

fluorados son artificiais, non se dan de maneira natural. Úsanse nos sistemas de refrixeración e aire acondicionado, extintores de lume, produtos de espuma, sprays e outros produtos industriais.

Golpe de calor

É a subida rápida da temperatura corporal dunha persoa, por encima dos 40° sen que os mecanismos de regulación térmica do organismo (como a sudoración) sexan capaces de controlala.



Habitat

Lugar ou contorna onde un ser vivo vive e desenvólvese naturalmente.

Hipotermia

É o descenso involuntario da temperatura corporal por baixo dos límites normais (ao redor de 36°). A causa máis frecuente é a exposición ao frío. A hipotermia grave pode ser mortal.



Metano

Gas incoloro e inodoro que forma parte dos gases de efecto invernadoiro. Prodúcese naturalmente pola descomposición da materia orgánica e tamén como parte da actividade humana. É o compoñente principal do gas natural.

Mitigación

A mitigación do cambio climático é o conxunto de accións destinadas a reducir os efectos potenciais do quecemento global. Distínguese da adaptación en que o obxectivo é previr o problema. Unha estratexia de mitigación sería a redución de gases de efecto invernadoiro na atmosfera.

Modelo climático

Sistema de cálculos que fai simulacións sobre o modo no que a atmosfera, os océanos, a terra, os seres vivos, as masas de xeo e a enerxía do sol se afectan entre si e inflúen no clima da Terra. Os científicos usan estes modelos para estudar o clima da Terra e predicir como podería responder a condicións cambiantes, como o incremento dos gases de efecto invernadoiro na atmosfera.



Onda de calor

Período de temperaturas anormalmente altas para a época do ano. Normalmente dura varios días.

Óxido nitroso

Gas incoloro e inodoro que forma parte dos gases de efecto invernadoiro. Prodúcese naturalmente e tamén como efecto da actividade humana, como o uso de fertilizantes na agricultura, a queima de combustibles fósiles e determinados procesos industriais.

Ozono

Gas composto de tres átomos de osíxeno. Cando se atopa na estratosfera, o ozono serve de escudo á Terra fronte a parte da radiación ultravioleta do sol (capa de ozono). Con todo, na zona da atmosfera máis próxima á Terra (Troposfera), o ozono é contaminante resultante das emisións de produtos químicos no aire e pode ser prexudicial para a saúde. O ozono atópase entre os gases de efecto invernadoiro.



© UNICEF/UNI118547/Noorani



Pegada de carbono

Cantidade total de gases de efecto invernadoiro emitida á atmosfera cada ano por unha persoa, familia, edificio, organización ou empresa. A pegada de carbono dunha persoa inclúe as emisións do combustible que consome directamente, xa sexa quentando a súa casa ou conducindo o seu coche. Tamén inclúe os gases que se emiten na produción dos bens e servizos que dita persoa usa, incluíndo as emisións das centrais eléctricas que producen enerxía, as industrias que fabrican produtos e os vertedoiros onde acaban as cousas que xa non usa.

Permafrost

É a capa de chan permanentemente conxelado que se dá nalgúns zonas do planeta próximas aos polos. O permafrost acumula grande cantidade de carbono.

Petróleo

Combustible fósil líquido e de cor escura. O petróleo cru pode refinarse para obter unha grande variedade de produtos: gasolina, diésel, asfalto, plásticos e moitos compostos químicos usados en pinturas, recubrimentos e produtos de uso diario.

Precipitación

Choiva, saraiba, neve ou calquera outra forma de hidrometeoro que cae da atmosfera e chega á superficie terrestre.

© UNICEF



Protocolo de Kyoto

Acordo internacional que ten por obxectivo reducir as emisións de seis gases de efecto invernadoiro que causan o quecemento global: dióxido de carbono (CO_2), gas metano (CH_4) e óxido nitroso (N_2O), hidrofluorcarbonos (HFC), perfluorcarbonos (PFC) e hexafluoruro de xofre (SF_6). O Protocolo de Kyoto entrou en vigor en 2004 e foi ratificado ata 2020. A diferenza da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, este protocolo ten carácter vinculante para os países que forman parte del.



Realimentación positiva

Proceso no que un cambio leva a outro, que amplifica o efecto do cambio orixinal. No cambio climático, unha retroalimentación positiva ocorre cando o quecemento da atmosfera desencadea outros cambios que contribúen aínda máis ao quecemento.

Reciclaxe

Recollida e reprocesamento de materiais usados, de maneira que poden ser utilizados para fabricar novos produtos.

Recursos non renovables

Recursos naturais que non poden producirse, rexenerarse ou ser reutilizados coa velocidade suficiente como para compensar o ritmo ao que se gastan. Por exemplo: os combustibles fósiles, como o carbón, o petróleo ou o gas natural, tardan millóns de anos en formarse na natureza, o que fai que sexan considerados recursos non renovables.



Refuxiados climáticos

Persoas que se ven obrigadas a fuxir dos seus lugares de orixe debido aos desastres naturais. O número de persoas desprazadas e refuxiadas polo clima está a aumentar en todo o mundo.

© UNICEF/UNI124999/isaac

Revolución Industrial

Proceso de transformación económica, social e tecnolóxica que se iniciou na segunda metade do século XVIII e que concluíu entre 1820 e 1840. Durante este período, gran parte da humanidade viviu o maior conxunto de transformacións económicas, tecnolóxicas e sociais da historia da humanidade desde o Neolítico. A Revolución Industrial baseouse no uso de maquinaria agrícola e industrial, así como de medios de transporte baseados no uso de combustibles fósiles, como o carbón e o petróleo. Algúns científicos propoñen a Revolución Industrial como punto de partida dunha nova etapa xeolóxica: o Antropoceno.



Seca

Período de tempo inusualmente seco que dura o suficiente como para causar unha escaseza grave de auga dispoñible nos ecosistemas e para o consumo humano.



Tempo metereolóxico

Situación da atmosfera nun lugar e momento determinados. Algunhas manifestacións comúns do tempo son o vento, a temperatura, a humidade, a presión atmosférica e a precipitación. A diferenza do clima, que é estable por moitos anos, o tempo metereolóxico pode cambiar dunha estación a outra, en cuestión de días ou mesmo en poucas horas.



Valorización de residuos

Procedemento que permite o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos. Hai dous tipos de valorización de residuos: enerxética (aproveitamento da enerxía contida no lixo) e material (aproveitamento dos materiais, mediante reciclaxe ou compostaxe).



© UNICEF/UN052531/Ayene

Vampiros eléctricos

Electrodoméstico ou dispositivo que consome electricidade mesmo cando, aparentemente, está apagado.

Vapor de auga

A auga está presente na atmosfera en forma gasosa. O vapor de auga é un gas de efecto invernadoiro e xoga un papel importante no efecto invernadoiro natural da atmosfera. O vapor de auga da atmosfera condénsase en forma de nubes.



Xustiza interxeracional

Concepto que analiza o balance de equidade entre diferentes xeracións ao longo do tempo, en lugar de facelo entre diferentes grupos sociais ou persoas dun mesmo momento histórico. A xustiza interxeracional refírese ao impacto que poden ter sobre os nenos e sobre as xeracións futuras as decisións e accións das persoas e grupos sociais que actualmente poboan o planeta. É un concepto moi vinculado ao desenvolvemento sustentable e ao cambio climático.



© UNICEF/Giacomo Pirozzi



Edición:

UNICEF Comité Español

www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.